XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial da Consellería do
Medio Rural e do Mar

Edificio Administrativo Monelos
Vicente Ferrer, 2
15071 A Coruña

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DA CORUÑA
A CORUÑA
Data 28/12/2015 09:59:38
SAÍDA 174511 / RX 1755490

José Manuel Cifuentes
Departamento de Anatomía
Facultade de Veterinaria
Campus Universitario
27002 Lugo

NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN DE PROXECTOS DE EXPERIMENTACIÓN ANIMAL

Expediente núm.: 15005/2015/003
Interesado: Felipe Casanueva Breijo
Procedemento: resolución de autorización
Data de inicio: xaneiro de 2016
Forma de inicio: solicitude do interesado

Notifícolle que con data 23 de decembro de 2015, o xefe territorial da Consellería do Medio Rural emitiu unha resolución de autorización do proxecto de experimentación animal, cuxo texto íntegro é o seguinte:

ANTECEDENTES

O interesado, como representante do centro da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela presentou, con data 14.7.2015 e rexistro de entrada 83463 RX 1343433, unha solicitude para a realización do proxecto de experimentación animal, cuxos datos se detallan a continuación:

Denominación do proxecto: Modelos experimentais para o estudio da obesidade
Nome do centro usuario: Animalario da Facultade de Medicina
Persoa responsable do proxecto: Felipe Casanueva Freijo
Establecemento onde se realizarán os procedementos do proxecto (ou lugar xeográfico no caso de traballos de campo): Departamento de Fisioloxía da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela
Clasificación do proxecto : Tipo I ☐ Tipo II ☐ Tipo III ☒

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Real decreto 53/2013, de 1 de febreiro (BOE núm. 34, do 8 de febreiro), polo que se establecen as normas básicas aplicables para a protección dos animais utilizados en experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia, establece no seu artigo 33 as condicións de autorizacións dos proxectos con animais de experimentación.

2. O artigo 89 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, 27 de novembro de 1992), modificada pola Lei 4/1999, de 14 de xaneiro, establece que a resolución que poña fin o procedemento decidirá todas as0 cuestións expostas polos interesados e aquelas outras derivadas deste.

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial da Consellería do
Medio Rural e do Mar

Edificio Administrativo Monelos
Vicente Ferrer, 2
15071 A Coruña

galicia

3. O Servizo de Gandaría da Coruña revisou a documentación achegada na solicitude e o resultado favorable da avaliación do proxecto que realizou o órgano habilitado da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña.

Esta xefatura territorial é competente para ditar unha resolución, de conformidade co artigo 11 do Decreto 245/2009 de 3 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia e o Decreto 46/2012, de 19 de xaneiro, polo que establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar e do Fondo Galego de Garantía Agraria.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Autorizar o proxecto solicitado.
2. Notificarlle esta resolución á persoa interesada.

O mencionado proxecto debe someterse a unha avalización retrospectiva no prazo de tres anos.

A autorización deste proxecto terá unha duración de cinco anos, transcorrida a cal, deberá ser renovada esta autorización.

A citada autorización é unicamente válida nas condicións que figuran no expediente. Ante calquera cambio significativo no proxecto que poida ter efectos negativos sobre o benestar dos animais, deberá solicitar a confirmación da autorización ao Servizo Provincial de Gandaría.

Esta autorización poderá ser suspendida, no caso de que o proxecto non se leve a cabo de acordo coas condicións de autorización e retirala, previo expediente tramitado ao que se lle dará audiencia.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada ante a conselleira de Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia no prazo dun mes contado a partir da recepción da notificación da presente resolución, conforme coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, (BOE núm.: 285, 27 de novembro de 1992), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A Coruña, 28 de decembro de 2015
O xefe do Servizo de Gandaría

XUNTA DE GALICIA DELEGACIÓN TERRITORIAL SERVIZO DE GANDARIA

Eugenio Romero Senande